

INVESTIGAMOS SOBRE MANUEL QUIROGA (1892- 1961)

O obxectivo desta actividade é coñecer un pouco máis o patrimonio musical e cultural que nos rodea. Na nosa vida diaria, percorremos rúas que levan nomes de persoeiros dos que descoñecemos a súa identidade, estatuas que non sabemos a quen representan e lugares que levan nome e apelidos dos que ignoramos a súa labor ou en que época viviron.



A través da investigación da figura de Manuel Quiroga, tentaremos desvelar datos de interese da súa biografía, coñecer que lugares lle fan memoria e onde podemos atopar o seu legado. Este ano , ademáis conmemórase o 60 aniversario do seu pasamento.

- 1- Manuel Quiroga naceu o 15 de abril de 1892 , na Rúa do Comercio do casco vello dunha cidade galega. Esta rúa hoxe leva o seu nome. Era o terceiro de cinco irmáns. En que cidade galega naceu?
- 2- Dende moi novo, amosa grandes cualidades para a música, e tras estudar en Madrid, viaxa a París para perfeccionar o violín. Neses anos de formación coñece á pianista Marta Lemán, coa que casará. Tamén frecuentará cos músicos máis importantes do panorama musical do momento : Falla, Turina , Casals,... pero hai un ao que el admirará especialmente, Sabes quen é?
- 3- Quiroga comeza a facer xiras e concertos por Europa e América consolidándose como músico e virtuoso. Compositores afamados escriben para el. Pero en Nova York, en 1937, acontécelle algo que lle cambia a súa vida. Que lle pasa?
- 4- Nos anos seguintes perde mobilidade progresivamente no brazo dereito. Quiroga compón pero abandona a interpretación e busca refuxio noutra actividade, na que coincide con Castelao. Cal é?

5-



Esta obra escultórica do ano 2006 rememora as tertulias políticas, literarias e culturais que ao longo do século XX celebrábanse no Café Moderno. Aparece representado Manuel Quiroga e quen máis? Onde se atopa este conxunto escultórico? Quen é o seu autor?

6- Cando e de que morre Manuel Quiroga?

7- Que edificio leva o seu nome?

8- Na súa cidade natal, a onde temos que ir para coñecer o seu legado? Que podemos atopar alí?

9- Despois de investigar sobre a súa biografía e o seu talento artístico. Que opinión te merece este intérprete e compositor? Pensas que é necesario dar a coñecer o seu legado musical?

Resolve todos estes misterios antes do venres 19 e redáctaos por escrito. Ese día faremos a posta en común na clase, e prepararemos un podcast entre todos os participantes.